

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 07.12.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.08 h do 07.12.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria accidental:

Carmen López Villar

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 07.09.2017, 05.10.2017 e 02.11.2017 e da sesión extraordinaria do 26.10.2017**

Os voceiros do grupo municipal Popular, Socialista e Somos Fene solicítanlle á presidencia someter a votación ás diferentes actas por separado.

Os voceiros do grupo municipal Popular e Somos Fene indican que non votarán a favor da aprobación da acta do 02.11.2018 por non recoller unha resposta da concelleira do grupo municipal do BNG, María Manuela Aguilar Prieto, e tampouco votarán a favor da aprobación da acta do 26.10.2017 por considerar que é un Pleno que non está pechado por existir tres procedementos xudiciais en curso relacionados con el.

O alcalde propón a aprobación individual das actas das sesións do 07.09.2017 e do 05.10.2017, por non haber observacións e retirar as actas das sesións do 26.10.2017 e do 02.11.2017 ata que se revisen as gravacións.

**Sometida a proposta a votación é aprobada por unanimidade, polo que o alcalde declara aprobadas as actas das sesións ordinarias do 07.09.2017 e do 05.10.2017 e retiradas as actas da sesión extraordinaria do 26.10.2017 e da sesión ordinaria do 02.11.2017.**

### **2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 1224/2017 ao núm. 1365/2017**

Os concelleiros danse por informados.

### **3. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 3º trimestre do 2017**

O Concelleiro do PP, Juan José Franco, fai constar a preocupación do seu grupo polo incumprimento no período de pago e pola advertencia dos informes técnicos dos perigos que asolan o Concello por ese incumprimento, de máis de 12 días. Engade que habida conta que hai unha gran "inexecución" orzamentaria, a súa preocupación e moi alta. Afirmar que tamén lles preocupa que hai 78.000 euros pendentes de execución orzamentaria, froito de que non foron quen de aprobar nin presentar ningún orzamento desde 2016, e que levan agardando a presentación dun proxecto de orzamento desde entón. Por outra parte, pregunta ao alcalde se por fin foi quen de saber as instrucións da Deputación que lle piden dos últimos orzamentos, en concreto de 26 de xullo e 24 de outubro do presente ano.

O presidente resposta que sería bo que leran un pouco máis a documentación e os anexos que se lles entregan, porque é certo que se retrasou o período de pago, como ocorre habitualmente aínda que se levan moitos trimestres pagando correctamente. Indica que as conclusións dos informes técnicos do Concello din que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e o nivel de débeda viva. Por outra banda, con respecto aos 78.000 euros, recoméndalle ao concelleiro que revise os plenos anteriores porque nun deles se pagou un extraxudicial que fai que esa cantidade que había a principio do ano xa non figure aí, senón que quedarán como moito arredor de 2000 euros pendentes por facturas que se presentaron despois do exercicio. Aclara que o que figura na documentación á que se refire o concelleiro contempla a situación a 1 de xaneiro de 2017. Engade que cando chegaron ao goberno había cantidades de máis de 400.000 euros nese mesmo concepto pendentes de pago, e que esta última foi a cantidade máis baixa que quedou pendente dun ano para outro desde os últimos 10 ou 15 anos.

Sobre as instrucións da Deputación, o presidente di que os informes dos que fala a Tesourería Municipal refírese á débeda viva que queda ao final de cada trimestre, e que é unha interpretación de prudencia valorativa sobre como se ten que contabilizar o PAI (Plan de Aforro e Investimentos) da Deputación. Este Plan cambiou en varias ocasións o período de carencia que tiña, e iso é o que se fai constar nos informes de Intervención porque non se sabe exactamente cando se vai comezar a pagar no ano 2019 ou no 2020, cales van ser as instrucións concretas.

O Sr. Franco afirma que cre que o que non le os papeis e o presidente, e que el está a falar do punto da orde do día no que se atopa, que se refire ao terceiro trimestre. Di que non lle falou da estabilidade orzamentaria nin da débeda, senón do cumprimento do pago a provedores. Asegura que non levan moitos trimestres cumprindo este período, xa que no 2016, de catro cumpriron un. Insiste en que o informe de Intervención lle está a reclamar por terceira vez unha información.

O presidente reitera que as cantidades que se expresan no informe ao que se refire o punto da orde do día corresponden ás que había a 1 de xaneiro deste ano, que aínda que o informe corresponde ao terceiro trimestre, os datos que se arrastran e dos que se informa son desde xaneiro.

Canto ao cumprimento da estabilidade, o presidente lembra que o ano pasado cumpriuse coa legalidade por primeira vez neste Concello. Lembra que no 2014 o PP incumpriu e tiña a obriga de presentar un Plan económico-financiero que non fixeron, e que por iso agora llo requiriron ao goberno actual. Afirmar que eles si que o fixeron, que cumpriron o ano pasado e que teñen pensado cumprir este ano.

O voceiro do PSOE, Antón Noceda, lembra que a comezos desta lexislatura comezaron a ter problemas co período medio de pago que viñan dados por un lote de facturas dos meses inmediatamente anteriores que se demoraron bastante no pago porque non tiñan claro a orixe, concepto, etc. Afirmar que a finais de 2016 xa estaban pagadas e comezaron uns trimestres nos que o período medio de pago era bo. Pregunta por que aumentou este período medio no 2017.

O presidente resposta que no ano 2017 cumpriuse, no primeiro e segundo trimestre, tanto o período medio de pago a provedores como a contabilidade da información que lle hai que transmitir ao Ministerio. E no terceiro cumpriuse o período de 60 días que non deben superar as facturas desde que entran por rexistro ata que se pagan, e non se cumpre o período de 30 días que non deben superar as facturas desde que son aprobadas ata que se pagan. Di que é algo habitual que pasa en todos os Concellos dependendo da época do ano, e que non significa que non se vaia cumprir no cuarto trimestre. Explica que é algo puntual que pode ocorrer por moitos motivos, como vacacións do persoal, facturas que requiren de aclaracións antes de realizar o pago, informes técnicos e cousas dese estilo. Indica que hai facturas de grandes cantidades que requiren a comprobación por parte dos técnicos de que o traballo se fixo correctamente antes de ser pagadas, e que preferiron agardar a que se fixeran os informes e non pagar sen facelos aínda que se incumpra o período medio de pago por cinco ou seis días.

C.I.  
E:  
P-  
150  
360  
0-G

O Sr. Noceda di lembrar que no terceiro trimestre do 2016 se cumpriu coa legalidade. O presidente resposta que no terceiro non e no cuarto si.

O Sr. Noceda pide que organicen mellor as quendas de vacacións do persoal.

O Presidente lembra que durante moito tempo se incumpriu continuamente o período medio de pago e que agora se cumpre. Comprométese a traer os datos comparativos para o seguinte pleno.

O voceiro de Somos Fene indica que se van abster porque as explicacións dadas non lle parecen o suficientemente claras.

O Presidente aclara que se trata dunha dación de contas e que non se vota este punto da orde do día.

Os concelleiros danse por informados.

#### **4. Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2016**

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Contas do 21.09.2016, que copiado literalmente di:

“M Milagros López Álvarez, secretaria da Comisión Especial de Contas do Concello de Fene (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Comisión Especial de Contas, en sesión extraordinaria celebrada o 21 de setembro de 2017 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2017, cós votos a favor do BNG (2) e Grupo Mixto (1) e as abstencións do PP (3) ,PsdeG-PSOE (1) e Xosé Manuel Rodríguez Bastida (1) .

E para que conste e surta os efectos oportunos no expediente da súa razón, expido a presente certificación de orde e có visto e praxe do presidente, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Fene o 21 de setembro de dous mil dezasete.

Visto e praxe  
O presidente da Comisión,  
Juventino José Trigo Rey

A secretaria,  
M Milagros López Álvarez”

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 30.11.2016, que copiada literalmente di:

#### **“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2016**

Formada a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio 2016 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 21 de setembro de 2017, ésta foi exposta ao público quince días aos efectos de que durante éstos e oito máis os interesados poideran presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Tendo en conta, como consta no informe da funcionaria do Rexistro, que non foron presentadas reclamacións, alegacións ou reparos á Conta Xeral, procede elevar ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

ÚNICA.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2016 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

Fene, a 30 de novembro de 2017.  
O Alcalde  
Juventino Trigo Rey”

A Secretaria do Pleno dá lectura á proposta, que explica o Presidente.

O concelleiro do PP, Juan José Franco intervén para afirmar que se queda abraiado de que o alcalde e Concelleiro de Facenda dixera hai un minuto que non sabe moi ben cantas veces cumprimos ou

incumprimos no ano pasado o período medio de pago, tendo en conta o punto que nos ocupa, isto é, a aprobación da Conta Xeral de 2016. Di que se incumpriron tres veces de catro.

Indica a Conta tiña que estar aprobada antes do 1 de outubro e que, polo tanto, formalmente xa se fixo mal. Sinala unha escasa execución do orzamento. Di que é moi boa a execución de ingresos, que non depende do grupo de goberno senón dos veciños de Fene, e afirma que aínda que o alcalde prometeu que revisaría as ordenanzas non trouxo ao pleno ningunha proposta ao respecto. E di que a execución dos gastos é pobre, sobre o 80%. Engade que tamén lles preocupan as dúbidas que presenta o equipo técnico con respecto a algunha das cousas que fai, pon como exemplo o informe da Deputación, e asegura que está afectando nas contas ter un orzamento prorrogado, e insiste en que o incumprimento do período medio de pago é de tres sobre catro. Fala de pouco dinamismo, poucas modificacións de crédito, en concreto 7, que considera unha auténtica miseria. Por todo isto, di que non teñen o ánimo de aprobar a Conta Xeral, porque os números son moi malos e reflicten unha enorme pereza, e que non é que a oposición non queira chegar a acordos, senón que o goberno non fai nada.

O voceiro do PSOE intervén para dicir que as respostas que lle deron por escrito ás preguntas da Comisión de setembro non contestaban ás súas preguntas e que, polo tanto, vainas repetir. Dá unha serie de datos económicos de 2015 e 2016 e pide a valoración política do goberno.

O voceiro de Somos Fene di que reserva a súa valoración ata escoitar as explicacións do goberno.

O presidente afirma que lle parece curioso o que acaba de escoitar, que resulta que a Conta Xeral é mala cando é a primeira vez que se cumpre a estabilidade financeira no Concello e se cumpren os obxectivos. Aclara que o resultado ao que se refire esta conta é a 31 de decembro de 2016, que non importa o que pasara en xaneiro ou en abril, senón que importa o resultado a 31 de decembro e se se cumpren os parámetros ou non. Di que se cumpriron e que tamén se cumpriu o Plan económico - financeiro que deseñaron, que se cumpriu todo.

En canto ás ordenanzas, lembra que hai un ano se aprobou no Pleno unha modificación dunha ordenanza: a do IBI. E sobre as modificacións, sorpréndelle que lle parezan poucas cando cada vez que se trae algunha a oposición ameaza con non votar a favor a pesar de que dixeran o contrario en Comisión. Afirma que esa é a dificultade que ten este goberno, que nunca sabe cando poden levar unha cousa ao pleno porque a oposición lle di que van votar en contra.

Por outra banda, indica que a Conta Xeral a teñen á súa disposición desde hai moito tempo, e que a oposición ten que facer o seu traballo e non agardar a que o goberno explique todos os papeis. E sobre a tardanza, sinala que lle parece unha desfachatez o que acaba de facer o Sr. Franco, e lembra que houbo que suspender a Comisión porque a oposición esqueceu vir e houbo que retrasala outra semana, e que de non ser así xa podería ter sido debatida no pleno anterior.

O presidente diríxese agora ao grupo do PSOE e afirma que a valoración política é moi boa, aínda que podía ser mellor. Refírese a que nos últimos anos houbo moitos cambios na contabilidade debido ás melloras informáticas, fixéronse cambios do plan contable en varias ocasións, co cal é moi difícil facer comparacións con anos anteriores. Explica que no ano 2015 se fixeron cousas de moitos miles de euros, como o pago de expropiacións de terreos da depuradora de Ares, que non houbo que facer no 2016, e outras cousas como a Escola Infantil ou o Campo de Fútbol de Maniños. Engade que toda esta información está na documentación que teñen á súa disposición desde hai dous ou tres meses.

O concelleiro do PP, Juan José Franco, afirma que é mentira que sexa a primeira vez que se cumpren os parámetros, e que si é certo que é a primeira vez que se cumpre o período medio de pago a provedores, e engade que é porque é a primeira vez que o Concello de Fene ten que facer un Plan económico financeiro. Sinala que non debería presumir da modificación da ordenanza do IBI porque debería telo feito moito antes. E afirma que o seu grupo non ameazou xamais, e que se é así que o denuncie porque as ameazas son delito. Asegura que non tiñan información suficiente e que por iso votaban en contra en Comisión e despois a favor, e sinala que o actual goberno facía ao revés, votando a favor en Comisión e en contra no Pleno con grave prexuízo para os veciños. Asegura que non hai un parque practicamente gratis ao lado da Casa do Concello porque o grupo municipal do BNG dixo que non, e varios de aglomerados que puideron estar feitos e non lle deu a gana, votaron en contra e o remanente de tesourería quedou no banco, ao igual que, segundo di, están a facer agora. Ademais, di que lle parece chamativo que o alcalde e concelleiro de Facenda diga que non quere perder o tempo explicando as cousas. Dille que é o seu traballo e que cobra por el.

C.I.  
E:  
P-  
150  
360  
0-G

O voceiro do PSOE sinala que, como oposición, non teñen funcionarios e técnicos especializados que lles expliquen as cousas, que o goberno si ten. En canto á Comisión que non se puido celebrar, remítese ao Capítulo 2 do ROM, artigo 54, no que fala das convocatorias das Comisións e sinala que con que estivesen os tres membros do goberno xa chegaría e que se o resto non van terían que acatar as decisións tomadas, pero que iso non tería por que retrasar os prazos.

Canto ás preguntas que fixo, afirma que lle contestou só a unha, e que entende que é algo difícil de explicar porque o único que di é que alguén foi pouco dilixente á hora de executar investimentos. Refírese ao período 2016 e di lembrar que cando el era responsable de obras había algunhas executadas do POS e que, sen embargo, a 7 de decembro de 2017, non hai ningunha. Afirma que estamos ante un goberno que non é quen de gastar o que ten comprometido, e que executa as obras moitísimo máis lento do que se executaban antes. Fala dunha negligencia á hora de gastar que pode repercutir nos veciños e veciñas de Fene, e asegura que é fácil cumprir as regras para que os Concellos non gasten de máis se non se gasta. Remata anunciando á abstención do seu grupo na votación por responsabilidade, porque entende que ter aprobada ou non a Conta Xeral repercute nos veciños e veciñas de Fene dado que hai moitas vías de financiamento que esixen tela aprobada.

O voceiro de Somos Fene anuncia que se absterán na votación.

O presidente intervén para indicar que o seu grupo está en contra das medidas adoptadas polo goberno central para regra de gasto dos Concellos, que limita sobre todo aos Concellos nos que se cumpre e se logra aforro.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 5 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 12 abstencións (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2016 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.**

### **5. Aprobación, se procede, da modificación dos estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 27.11.2017 por unanimidade, á que dá lectura a Secretaria do Pleno:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación da modificación dos estatutos da “Asociación de Concellos do Camiño Inglés”  
Expte: 2017/X999/000403

Logo de ver os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acta de data 20.06.2017 da Asemblea celebrada en Carral entre os representantes de dos concellos de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Carral, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña, na que se aproban e asinan os estatutos e se elixe á Xunta directiva que rexerá a Asociación de concellos do camiño inglés.

-Acordo plenario do Concello de Fene de data 01.06.2017 do seguinte teor literal:

“1. Integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

2. Aprobar os estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés que se insiren como anexo.

3. Designar como representante político no acto constitutivo e como representante permanente na asociación ao concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal.

4. Designar como representante técnico na asociación á empregada Belén Souto Calvete”.

-Requirimento de subsanación de deficiencias da xefa de sección da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 27.09.2017, no que indica que hai que revisar e modificar determinados artigos dos estatutos.

Considerando o disposto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación e da Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos seguintes artigos dos estatutos da “Asociación de Concellos do Camiño Inglés” aprobados polos Plenos dos Concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos Concellos na Asemblea de data 20/06/2017:

-Engádese un punto 3 ao artigo 19:

“As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro”.

-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):

“Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente”.

SEGUNDO.- Remitir o acordo adoptado de forma urxente ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento de data 27/09/2017 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.”

O Alcalde explica a proposta.

O voceiro do PP, Gumersindo Galego, intervén e di que é o representante do Concello de Fene na Asociación de Concellos do Camiño Inglés, e que se trata dunha modificación dos Estatutos moi puntual coa que o seu grupo está conforme. Engade que este asunto, xunto co punto 9, son os dous que o goberno trae á orde do día do Pleno, que o resto son mocións, que son as 7.10 e que se non fora pola Conta Xeral, este pleno acabaría en dez minutos.

O voceiro do PSOE indica que están de acordo coa modificación proposta e que votarán a favor. Roga ao alcalde que o Concello de Fene traslade unha queixa formal aos demais Concellos da Asociación relativa a que cando se implican en proxectos que afectan a outras administracións e institucións deben ter un mínimo de seriedade.

O voceiro de Somos Fene di que votarán a favor e pon de manifesto o desinterese dalgún Concello.

A voceira do Grupo Mixto anuncia o seu voto a favor.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos seguintes artigos dos estatutos da "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" aprobados polos Plenos dos Concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos Concellos na Asemblea de data 20/06/2017:**

**-Engádesse un punto 3 ao artigo 19:**

**"As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro".**

**-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):**

**"Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente".**

**SEGUNDO.- Remitir o acordo adoptado de forma urxente ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento de data 27/09/2017 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.**

#### **6. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal Socialista contra o abandono do medio rural galego**

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 28.11.2017 por 2 votos a favor (1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal de Somos Fene) e 6 abstencións (3 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), presentada polo voceiro do PSOE:

**"MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO**

Antón Lois Noceda Carballo na súa condición de Portavoz do Grupo Municipal Socialista no Concello de Fene, comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal e a petición da Organización Profesional Agraria UNIÓN AGRARIAS-UPA, a seguinte MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A recente vaga de lumes que ven de afectar ao rural galego ahí escasos días, puxo de manifesto a vulnerabilidade do territorio, rural e urbano, ante un simple evento climático extremo, e lembrou ao conxunto da sociedade galega, que non poden existir unha Galicia de dúas velocidades, pois mal lle vai ir a unha si lle vai mal a outra.

O lume que chegou as portas da maior cidade de Galicia e o exemplo da traxedia do veciño Portugal con máis de cen persoas falecidas este verán polo lume incontrolado, puxeron diante dos ollos dos galegos a profunda crise que vive o rural galego, e o escenario futuro de catástrofe cara o que nos encamiñamos como sociedade, se persiste o abandono do noso rural, e a necesidade de abrir os ollos e afrontar a realidade con medidas intelixentes, antes de que sexa demasiado tarde.

Levamos décadas de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escolas e centros de saúde, retirada de liñas de autobuses, procesos todos que

están a dar como resultado o abandono da poboación rural, o cese da actividade produtiva no territorio, e a transformación da nosa paisaxe e territorio cara unha realidade estrutural che de perigos

Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, nin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos nos coa actividade, vaino xestionar o lume.

Pero non pode haber actividade produtiva si está non é rendible, nin pode haber actividade produtiva si non hai xente que aposte por vivir no rural e facer del a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos e calidade de vida a altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade polo labor desenvolto no rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.

Por todo o anterior, en condición de Voceiro Municipal do Grupo Municipal Socialista no Concello de Fene e dado a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.

3.- Aplicación de inmediato dun paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes.

4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.

7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

8.- Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Garantir o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario e fomentar as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

10.- Poñer fin á sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica, (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc).

C.I.  
E:  
P-  
150  
360  
0-G



É tempo pois da acción, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro.”

O voceiro do PP di compartir moitos dos puntos da moción e que todo o que sexa achegar ideas para evitar o despoboamento do medio rural benvido sexa. Cre que o paso está dado porque hai un plan específico para fixar a poboación no rural dotado con 230 millóns de euros no horizonte de 2020, e que por outro lado está incentivando á xente nova a facerse cargo de novas explotacións sostibles ou das dos seus pais ou avós. Engade que xa foi aprobada a redución do 100% da cota de sucesión inter-vivos e agrupacións de solo rústico e na transmisión de explotacións agrarias de carácter prioritario, e cre que o cero impostos no rural facilitará a fixación ou novo establecemento de mozos e mozas no rural. Informa que está acabada de crear a Comisión de Política Forestal no que se van debater cuestións tendentes a evitar o que pasou este ano cos lumes e para que non se bote a culpa a determinadas especies, porque onde se ordena a política forestal non hai lumes, e pon como exemplo as comarcas de Cerdido, de Ortigueira e de Cedeira. Indica que moitos puntos da moción serían asumibles e outros non porque xa están en marcha, e que se van abster para facilitar a súa aprobación.

A voceira do Grupo Mixto indica que vai votar a favor e que cre que son medidas que debe poñer en práctica o PP desde a Xunta de Galicia. Refírese a unha manifestación convocada por Unións Agrarias sobre a mesma problemática e sinala que os millóns de euros anunciados pola Xunta sempre se quedan nos titulares de prensa. Di que Unións Agrarias denunciaba que se estaban a realizar inspeccións de traballo nas explotacións agrarias chegando a multar aos propietarios por ter algún familiar axudando nos labores.

O voceiro de Somos Fene anuncia que votarán a favor.

A voceira do BNG sinala que o seu grupo ten demostrado sobradamente a súa preocupación polo rural galego e que nesta moción se misturan temas como a seca, o abandono rural e os Fondos Europeos. Di que o sector primario nunca foi prioritario para os partidos estatais e que se alegra de que o PSOE se una ás reivindicacións de sempre do BNG sobre este tema. Di que están de acordo con que o medio rural está en extinción e que tamén houbo quen se encargou de que isto ocorra coas súas políticas estatais e na Unión Europea. Anuncia o voto a favor.

O voceiro do PSOE agradece aos grupos que votan a favor e ao que facilita a súa aprobación e aclara á concelleira do Grupo Mixto que a moción é un traslado de Unións Agrarias e recolle todos os puntos da súa reivindicación.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 7 abstencións do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.**

**2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.**

**3.-Aplicación de inmediato dun paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes.**

**4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.**

**5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.**

**6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.**

**7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.**

**8.- Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.**

**9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Garantir o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario e fomentar as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.**

**10.- Poñer fin á sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica, (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc).**

**7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal Socialista para regular adecuadamente a figura do consumidor vulnerable do Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro**

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 01.12.2017 por 2 votos a favor (1 do grupo municipal socialista e 1 de Somos Fene) e 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto municipal), que presenta o concelleiro do PSOE Joaquín Ayala:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE PARA REGULAR ADECUADAMENTE A FIGURA DO CONSUMIDOR VULNERABLE DO REAL DECRETO 897/2017, DE 6 DE OUTUBRO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, define a figura do consumidor vulnerable, asociándoa, como regra xeral, a determinados limiares de renda referenciados ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), en función do número de membros que compoñan a unidade familiar.

Segundo dispón a nova norma, evitárase o corte de subministración eléctrica aos fogares que acrediten a condición de vulnerabilidade severa se os servizos sociais (locais ou autonómicos) abonan a factura.

Ante unha situación de falta de pagamento o proceder das eléctricas será indicar aos seus clientes que acudan aos servizos sociais e se estes pagan o 50% das súas facturas, entón non se lles cortará a subministración.

A Memoria Xustificativa do Real Decreto realiza unha análise de impactos que, entre outros, inclúe o orzamentario, respecto do cal sinala que "o custo total estimado das medidas contidas neste real decreto non ten impacto orzamentario, pois non existen custos específicos que determinen a necesidade dunha dotación ou incremento nas correspondentes partidas orzamentarias".

Numerosos expertos e organizacións sociais sinalaron que esta non é a maneira adecuada de abordar o problema. A Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais de España puxo de manifesto que a medida posúe lagoas e efectos perversos entre os que se atopan os seguintes:

- Un importante impacto orzamentario en concellos e comunidades, nin previsto nin pactado no seo do órgano que debía coñecer e abordar o asunto (Consello Territorial de Servizos Sociais). Por outra banda, non hai garantía de asunción polas administracións con servizos sociais, o que xerará graves desigualdades territoriais na abordaxe final do asunto.
- O PGE de 2017 non contemplaron o impacto da medida.
- Obviáronse e ninguneáronse os sistemas de protección xa existentes nalgunhas comunidades autónomas e concellos.
- Xerouse unha sobrecarga de xestión imposible para os servizos e para os profesionais xa exhaustos porque durante a crise viron multiplicada a demanda e minguados os recursos.
- Discrimínanse positivamente algunhas circunstancias (familias numerosas con independencia dos seus ingresos) mentres que outras, moito máis castigadas actualmente, (monoparentalidade ou soidade) non son tidas en conta.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** instando o Goberno de España a:

1. Reforzar o Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais dende a Administración Xeral do Estado para consolidar e desenvolver as estruturas dos servizos sociais de atención primaria, así como as súas funcións e prestacións básicas, impulsando un sistema público de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía.
2. Reformar o Real Decreto regulador da figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
3. Para que non se faga recaer o custo das medidas de protección nas administracións territoriais titulares dos servizos sociais, incluír nos Orzamentos Xerais do Estado unha cantidade suficiente para sufragar o custo da protección ao consumidor vulnerable. Esta partida orzamentaria repartirase entre as Comunidades Autónomas segundo os criterios que se acorden no Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
4. Aprobar, mediante o acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, unha norma que impida o corte da subministración de gas aos consumidores vulnerables."

O voceiro o PP intervén e di que moitos dos puntos da moción son asumibles e sinala que o IPREM si se actualizou aínda que non nas porcentaxes que debería. Afirmar que a nova regulación do bono social obedece que a anterior, que aprobara o goberno socialista, foi anulada polo Tribunal Supremo. Indica que a lexislación actual tivo un amplo consenso no Congreso dos Deputados e que se absterán na votación.

O voceiro de Somos Fene indica que van votar a favor porque lles parece un conxunto de medidas bastante positivas, aínda que só un paso cara o obxectivo que eles defenden, que sería unha renda social básica para as persoas máis desfavorecidas.

A voceira de EU anuncia o voto a favor e salienta que onte se celebrou o día da Constitución, que ten artigos como o do dereito a un traballo digno cun salario que garanta a cobertura de necesidades básicas para poder vivir con dignidade, e que é o Estado o que ten que velar polo seu cumprimento. Considera que non só non cumpre, senón que as eléctricas nos rouban, e entende que a aprobación

do punto 3 suporía que a cidadanía tería que pagar dúas veces, primeiro a factura eléctrica e, cando non chega, en lugar de repercutir na compañía, auméntanse os impostos. Crítica o chamado "imposto ao sol".

A voceira do BNG amosa o seu acordo con que se tomen as medidas propostas da moción, dado que asegura temos os prezos máis elevados de todo o Estado das facturas de electricidade e gas tendo unha das rendas máis baixas. Pregúntase se terán algo que ver os intereses do PP e do PSOE que están ao abrigo dos Consellos de administración das compañías eléctricas, e anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Ayala resposta á concelleira de EU que está de acordo en que habería que modificar o "imposto ao sol", pero que a moción refírese ao consumidor vulnerable, que dificilmente pode acceder a sufragarse el mesmo o custo dunha enerxía renovable. A continuación, le o artigo 4 do Decreto ao que se refire a moción, que define as figuras de consumidor vulnerable e outras categorizacións, e afirma que este artigo debe levar ao Concello a modificar de urxencia a ordenanza sobre a emerxencia social. Dá as grazas aos grupos que apoian a moción e ao grupo que se abstén para que saia adiante.

O voceiro do PP volve a intervir para referirse á intervención da concelleira de EU e aclara que o dereito ao traballo e á vivenda recollidos na Constitución quere dicir que as sucesivas Leis que o desenvolvan deben tender ao pleno emprego e a dotar a todos dunha vivenda digna, pero que eses dereitos non son reclamables ante os Tribunais de Xustiza, e que hai outros dereitos fundamentais que si o son, como o que vulneraron aquí o día 26 de outubro.

A concelleira de EU resposta preguntando que se fixo para garantir os dereitos que recolle a Constitución nos 40 anos que leva aprobada.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 7 abstencións do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Instar ao goberno de España a:**

**1. Reforzar o Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais dende a Administración Xeral do Estado para consolidar e desenvolver as estruturas dos servizos sociais de atención primaria, así como as súas funcións e prestacións básicas, impulsando un sistema público de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía.**

**2. Reformar o Real Decreto regulador da figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.**

**3. Para que non se faga recaer o custo das medidas de protección nas administracións territoriais titulares dos servizos sociais, incluír nos Orzamentos Xerais do Estado unha cantidade suficiente para sufragar o custo da protección ao consumidor vulnerable. Esta partida orzamentaria repartirase entre as Comunidades Autónomas segundo os criterios que se acorden no Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.**

**4. Aprobar, mediante o acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, unha norma que impida o corte da subministración de gas aos consumidores vulnerables.**

**8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal Socialista para a elaboración e incorporación ao futuro Plan Vivenda Estatal dun programa de prevención e atención ás persoas sen fogar**

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 01.12.2017 por 2 votos a favor (1 do grupo municipal socialista e 1 de Somos Fene) e 4

abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto municipal), que presenta o concelleiro do PSOE, Joaquín Ayala:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A ELABORACIÓN E INCORPORACIÓN AO FUTURO PLAN DE VIVENDA ESTATAL DUN PROGRAMA DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN AS PERSOAS SEN FOGAR.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Nacional de Estatística, sinala que en España, 23.000 persoas atópanse nunha situación de “sen fogar” e fan uso dos recursos especializados. Pero ademais, segundo as organizacións do sector, polo menos hai 8.000 persoas máis que estarían fóra da rede de atención e que viven e permanecen de forma estable nas rúas. As características e historias de vida destas persoas son diversas, pero todas comparten unha mesma situación: non dispoñen dunha vivenda, dun fogar. Con todo, e de forma paradoxal, as políticas de vivenda non prestaron atención ao fenómeno dos sen fogar, de maneira que aquelas persoas cuxa situación de exclusión vén definida pola ausencia de vivenda, non son un colectivo prioritario para as políticas precisamente dirixidas a favorecer o acceso ao dereito a unha vivenda, e iso a pesar de que contamos cunha ferramenta: A Estratexia Nacional Integral para as Persoas Sen Fogar. Esta é a ferramenta que o Goberno de España aprobou en 2015 para dar resposta á situación deste colectivo outorgando á vivenda un papel relevante para pór fin ao “sen fogar”. A estratexia destaca “a implicación das administracións con competencia en materia de vivenda para facilitar o acceso das persoas sen fogar á vivenda pública ou privada”, pero pouco se fixo por parte das administracións para pór fin a este fenómeno do “sen fogar”, que vai en auxe, e as cifras demóstrano.

E é que tradicionalmente o “sen fogar” abórdouse como un problema de servizos sociais, poñendo o foco da intervención en características individuais das persoas, pero é importante pór de manifesto o impacto que ten ou pode ter a vulneración do dereito á vivenda, pois os dereitos humanos son interdependentes e indivisibles e están relacionados entre si, de forma que a violación do dereito a unha vivenda adecuada pode afectar ó goce dunha ampla gama doutros dereitos humanos, e viceversa. É por iso que debemos dar respostas efectivas ás Persoas sen Fogar, atallar o problema con medidas reais e, por iso, a través desta Moción queremos instar ó Goberno, precisamente a iso, á adopción de medidas concretas destinadas a abordar o fenómeno do “sen fogar”.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal esta MOCIÓN instando o Goberno de España, en colaboración coas Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias, a:

Elaborar e incorporar ao futuro plan Estatal de Vivenda, un Programa de prevención e atención dos “sen fogar”, en cumprimento do disposto na Estratexia Nacional Integral para as Persoas Sen Fogar, que contemple, entre outras, as seguintes medidas:

Axuda ao aluguer para persoas sen fogar.

Apoio ao desenvolvemento de Programas Housing First, dirixidos á erradicación do fenómeno “sen fogar” máis extremo de rúa.

Financiamento de obras de rehabilitación das infraestruturas de aloxamento colectivo da rede de atención a persoas sen fogar.”

O voceiro do PP di que o seu grupo comparte todos os argumentos da moción e vai votar a favor.

O voceiro de Somos Fene anuncia o seu voto a favor.

A voceira de EU anuncia o seu voto a favor e salienta que a día de hoxe hai unha media diaria de 17 familias que perden a súa vivenda. Dá datos sobre execucións hipotecarias e desafiuzamentos, e di que lle gustaría aproveitar a moción para solicitar que o goberno sacase unha Lei que non permitise que a xente quedase na rúa habendo vivendas baleiras. Di que lamentan que dereitos constitucionais como o da vivenda non poidan ser reclamados ante os Tribunais, posto que cre que

debera ser delito grave deixar a familias con menores na rúa, e non o que ocorreu aquí o día 26. Engade que a gravidade do delito vén dada pola moralidade que ten cada quen.

O concelleiro do BNG, Justo Martínez, di que o seu grupo está de acordo coa moción e matiza que algúns puntos non terán repercusión en Fene, dado que se refiren máis a grandes cidades, como o do Programa Housing First, pero que votarán a favor por apoiar aos máis desfavorecidos.

O Sr. Ayala agradece o apoio de todos os grupos.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Instar o Goberno de España, en colaboración coas Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias, a:**

**Elaborar e incorporar ao futuro plan Estatal de Vivenda, un Programa de prevención e atención dos "sen fogar", en cumprimento do disposto na Estratexia Nacional Integral para as Persoas Sen Fogar, que contemple, entre outras, as seguintes medidas:**

**Axuda ao aluguer para persoas sen fogar.**

**Apoio ao desenvolvemento de Programas Housing First, dirixidos á erradicación do fenómeno "sen fogar" máis extremo de rúa.**

**Financiamento de obras de rehabilitación das infraestruturas de aloxamento colectivo da rede de atención a persoas sen fogar.**

**9. Aprobación, se procede, da proposta de declaración de especial interese e utilidade municipal da actividade económica desenvolvida pola Sociedade Deportiva Barallobre por concorrencia de circunstancias sociais, culturais e histórico artísticas aos efectos da obtención da bonificación recollida no artigo 5.4 da Ordenanza fiscal núm. 27, reguladora do imposto sobre bens inmobles**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 01.12.2017 por unanimidade, á que dá lectura a secretaria do Pleno:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria de data 3 de novembro de 2016, adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5 e da Disposición final da Ordenanza fiscal número 27 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles coa finalidade da inclusión da bonificación prevista no artigo 74.2. quáter do Real Decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), configurando dita bonificación do seguinte xeito:

"4.- Terán dereito a unha bonificación do 95% na cota íntegra do Imposto os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración.

Para poder gozar desta bonificación o suxeto pasivo deberá ser necesariamente o titular da actividade económica, debendo xustificar este extremo, e en todo caso, achegar a seguinte documentación:

- a) Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante.
- b) Memoria xustificativa da actividade económica que desenvolva, onde quede debidamente xustificada as circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas con acreditada relevancia, singularidade e importancia para o municipio que permitan declarar a actividade como de especial interese ou utilidade municipal.

Dacordo coas circunstancias que concurran na actividade, a área municipal, concellería, ou técnico municipal correspondente, emitirán informe ó respecto con proposta de resolución. Ésta poderá ser estimatoria ou desestimatoria, debendo estar debidamente motivada con referencia á documentación achegada polo solicitante e na mesma deben concretarse as circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que a xustifican e polo tanto a declaración de especial interese ou utilidade municipal da actividade económica que se desenvolva.

A declaración da actividade económica como de especial interese ou utilidade municipal por concurrir na mesma circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas corresponde ao Pleno por maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá carácter rogado, debendo solicitarse con anterioridade ó devengo do imposto,, xurdindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da súa solicitude, sen carácter retroactivo.

A bonificación manterase para cada ano, sen necesidade de reiterar a solicitude, sempre que se manteñan as condicións que motivaron a súa aplicación. Se se modifican estas condicións de forma que resulte improcedente a bonificación, os suxeitos pasivos virán obrigados a comunicalo ó Concello, a efectos de proceder á liquidación do seu importe total."

Transcorrido o prazo de exposición ao público sen que se presentaran reclamacións, queda elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación da Ordenanza de conformidade co recollido no artigo 17.3 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publicándose a texto íntegro da ordenanza incluíndo a bonificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia o 26 de decembro de 2016 entrando en consecuencia dita ordenanza en vigor e aplicable para o exercicio 2017 e seguintes.

A entidade Sociedade Deportiva Barallobre con CIF G15264427 ao ter coñecemento da bonificación transcrita achegou o 20 de outubro de 2017 ao Rexistro Xeral do Concello (nº de rexistro de entrada 201799900000485) a súa solicitude de declaración da actividade económica que desenvolve nun ben inmovible como de especial interese e utilidade municipal ao concorrer na mesma circunstancias sociais, histórico-artísticas ou culturais que xustifican tal declaración; solicitude que completou mediante a acreditación da súa alta nunha actividade económica mediante escrito achegado ao Rexistro Xeral do Concello o 24 de novembro de 2017 (nº de rexistro de entrada 20179900000623). A entidade Sociedade Deportiva Barallobre solicita que a actividade empresarial correspondente ao epígrafe "966.9- Otros servicios culturales ncop." que desenvolve no inmovible con referencia catastral 5630632NJ6153S0001OJ é de especial interese ou utilidade municipal.

En relación á solicitude da entidade Sociedade Deportiva Barallobre, o 27 de novembro de 2017 o xestor de actividades de cultura e de normalización lingüística emite un informe no que sinala que a actividade económica desenvolvida pola entidade referenciada no inmovible con referencia catastral 5630632NJ6153S0001OJ "reúne as condicións sociais, culturais, e histórico-artísticas de acreditada relevancia, singularidade e importancia para o Concello de Fene que permitan declarar as actividades que realizan como de especial interese e utilidade municipal". A maior abundamento explica no seu informe que a entidade conta con equipamento deportivos e recreativos que converten a Fene "nun Concello singular ao contar cuns equipamentos de proximidade, de titularidade privada, que se utilizan para actividades e fins públicos."

A intervención municipal en data 30 de novembro de 2017 á vista do contido do expediente emite informe no que verifica que a entidade achegou a documentación que esixe a ordenanza correspondéndolle ao Pleno a decisión de declarar a actividade económica que desenvolve a entidade no inmovible sinalado como de especial interese e utilidade municipal, decisión que debe ser motivada.

Esta Alcaldía á vista da grande labor que realiza esta entidade, cuestión que queda extensamente reflexada no informe do xestor de actividades culturais e normalización lingüística propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Declarar de especial interese e utilidade municipal a actividade económica desenvolvida pola entidade Sociedade Deportiva Barallobre con CIF G15264427 por concurrir na mesma circunstancias sociais, culturais e histórico-artísticas que o xustifican, aos efectos da obtención por ésta da bonificación recollida no artigo 5.4 da Ordenanza fiscal número 27 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, no ben inmovible con referencia catastral 5630632NJ6153S0001OJ.

C.I.  
E:  
P-  
150  
360  
0-G

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á entidade solicitante e á Deputación da Coruña que ten delegadas as competencias en materia de xestión, inspección e recadación do Imposto de Bens Inmóbles aos efectos oportunos.

Fene, 30 de novembro de 2017"

O Presidente explica a proposta.

O voceiro do PP lembra que no pleno do 7 de maio de 2015, o último que se celebrou sendo o alcalde, levouse unha moción do grupo municipal popular para modificar a ordenanza fiscal nº 27 reguladora do IBI; aprobouse a urxencia por unanimidade e tamén a moción. Dá lectura á acta dese pleno no punto da intervención do Sr. Trigo sobre a cuestión, na que dicía que o BNG levaba pedindo catro anos a modificación das ordenanzas fiscais, e afirma que a día de hoxe non modificou ningunha, posto que a modificación da 27 parte da moción citada do grupo popular, que o goberno actual trouxo a pleno o 3 de novembro de 2016, impedindo que as sociedades se beneficiaran da redución nese ano. Anuncia o voto a favor da proposta.

O voceiro do PSOE afirma que se trata dun dos seus compromisos electorais e que polo tanto votarán a favor.

O voceiro de Somos Fene indica que van votar a favor dado que foron no seu día partícipes do impulso desta medida.

A voceira de EU sinala que votará a favor.

O Presidente di que se alegra de que o voceiro do PP lembre que presentou só uns días antes das eleccións municipais a moción, cando levaba catro anos gobernando e non se acordou de facelo. Aclara que o goberno levou o asunto a pleno en 2016 despois de facer toda a tramitación e informes necesarios legalmente para facelo, posto que non había ningún feito. Afirma que o PP non foi quen de facelo en catro anos e o goberno actual o fixo en ano e medio.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Declarar de especial interese e utilidade municipal a actividade económica desenvolvida pola entidade Sociedade Deportiva Barallobre con CIF G15264427 por concurrir na mesma circunstancias sociais, culturais e histórico-artísticas que o xustifican, aos efectos da obtención por ésta da bonificación recollida no artigo 5.4 da Ordenanza fiscal número 27 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, no ben inmovible con referencia catastral 5630632NJ6153S00010J.**

**SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á entidade solicitante e á Deputación da Coruña que ten delegadas as competencias en materia de xestión, inspección e recadación do Imposto de Bens Inmóbles aos efectos oportunos.**

**10. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal Socialista sobre o inicio inmediato das xestións para a definición do modelo de xestión do servizo da auga e saneamento do Concello de Fene**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 29.11.2017 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PP, 1 do Grupo Socialista e 1 de Somos Fene) e 3 abstencións (2 de grupo municipal do BNG e 1 do Grupo Mixto Municipal), e que presenta o voceiro do PSOE, Antón Noceda:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE O INICIO INMEDIATO DAS XESTIÓN S PARA A DEFINICIÓN DO MODELO DE XESTIÓN DO SERVIZO DA AUGA E O SANEAMENTO.

Dacordo co previsto no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais (ROF) e no



Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción urxente:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### Fundamentos xurídicos

Vista a Lei 5/1997 de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia. En especial o artigo 80 do apartado 2 I e 81 a.

Visto o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais (ROF). En especial o artigo 50 apartados 4, 21 e 22.

Visto o Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008. En especial o seu artigo 40.

### Antecedentes

Con data 1 de xullo de 1993 foi aprobado o prego de condicións para a concesión e explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e a rede de saneamento.

Con data 4 de novembro de 1993 o pleno do Concello acordou a adxudicación do citado contrato de concesión á mercantil Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua S.A., hoxe denominada VIAQUA.

Con data 19 de novembro de 1993 asinouse o citado contrato de concesión.

A duración do contrato estableceuse en quince anos, podéndose prorrogar como máximo un ano, tal e como establecía o prego de condicións na súa cláusula segunda.

En virtude do anterior, e segundo o propio contrato, a data de finalización do mesmo o era o 13 de novembro de 2008.

Con data 7 de marzo de 2002, o pleno (con maioría absoluta do BNG) acordou modificar o contrato e prorrogalo dez anos a contar desde a data de finalización prevista inicialmente, quedando prorrogado ata o 13 de novembro de 2018. A citada prórroga non estaba prevista no prego de condicións, polo que podería considerarse nula de pleno dereito.

O propio prego na súa cláusula segunda establece, dacordo co establecido no Regulamento de Servizos das corporacións locais, que á finalización do contrato as instalacións devolvanse ao municipio en perfecto estado de conservación e funcionamento, a tal efecto, con quince meses de antelación á data de finalización do contrato, isto é, 13 de novembro de 2018, o Concello nomeará un Interventor Técnico que inspeccionará o estado de conservación de obras e instalacións e informará á Corporación municipal das reparacións e reposicións necesarias para mantelas nas condicións previstas.

En virtude do anterior, con data 13 de agosto de 2017, deberíase ter nomeado o Interventor Técnico.

A instancias do entón 1º tenente de alcalde e concelleiro de obras e servizos, Sr. Antón Lois Noceda Carballo, no mes de xuño de 2016 encárgase a Aeopas un informe sobre a situación do servizo da auga e saneamento e as posibilidades de migrar a un modelo de xestión directa.

O 12 de xullo de 2016 recíbese o informe e o entón 1º tenente de alcalde e concelleiro de obras e servizos, Sr. Antón Lois Noceda Carballo, dá instrucións para que se distribúa o informe e demais documentación a todos os membros da Xunta de Delegados para o seu debate na seguinte xuntanza dese órgano.

O 9 de agosto de 2016, o alcalde Juventino Trigo, cesa aos concelleiros do PSOE e Somos Fene e xa non se realizará ningunha xestión máis sobre este tema, a pesar dos anuncios, unicamente verbais, do alcalde, de que iniciaría diferentes actuacións.

C.I.  
F:  
P-  
150  
360  
0-G

O 25 de outubro de 2017, o voceiro do Grupo Municipal Socialista pregunta na Comisión informativa de Organización e Seguridade á concelleira responsable de Servizos e Contratación sobre a finalización do contrato do servizo da auga e o saneamento, manifestando esta que descoñece se se fixo algunha xestión, que descoñece se se pasou algún prazo e que descoñece as obrigas da empresa adjudicataria antes a finalización do contrato.

Nestes intres só queda un ano para a finalización do contrato sen que se tomara ningunha medida. Incluso incumprindo os prazos do propio prego en máis de 2 meses.

Resulta absolutamente reprobable e irresponsable a actitude pasiva, a despreocupación, o descoñecemento e a inacción do alcalde, Sr. Juventino Trigo Rey, e da concelleira responsable de Contratación e Servizos, Sra. Sandra Permuy Meizoso. Máxime cando esa parálise pode provocar graves consecuencias para a administración local.

O proceso de definición dun novo modelo e o propio proceso de migración son procedementos longos e complexos. Difícilmente se poderán realizar en 12 meses, máxime cando xa se están a incumprir os prazos que marca o propio prego. Nestes intres, urxe empezar a tomar medidas, que poidan paliar as consecuencias de tanta desidia. E impulsar un proceso que culmine nunha alternativa razoable, ao remate do período de vixencia do actual contrato.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Fene somete a votación a seguinte Moción para aprobar as seguintes propostas:

1.- Constitución dunha Comisión Especial o estudo da xestión da auga e o saneamento no Concello de Fene. Cunha composición de 10 membros. Que terá entre outras as seguintes funcións:

a.- Estudo do grao de cumprimento do contrato por parte do actual xestor da auga e o saneamento do Concello de Fene.

En especial a elaboración do mapa da rede, a elaboración dos partes trimestrais do estado da rede, a verificación periódica de billas, bocas de rego e incendios, válvulas, etc., os investimentos comprometidos no contrato de 19 de novembro de 1993 e a "Actuación na Rede Xeral de Auga e Saneamento na Estrada do Peirao de Maniños" e as actuacións do "Plan de Choque sobre o abastecemento e saneamento do Concello de Fene" comprometido na prórroga do contrato realizada con data 7 de marzo de 2002.

b.- Estudo da viabilidade da xestión directa do servizo da auga e saneamento no Concello de Fene, e no seu caso, do modelo de xestión máis conveniente aos intereses dos veciños e veciñas do Concello de Fene.

c.- Seguimento do proceso de transición do actual operador ao novo modelo de xestión da auga e o saneamento.

2.- Instar ao alcalde para que someta ao pleno a proposta do Presidente da devandita Comisión.

3.- Instar ao alcalde a convocar a primeira xuntanza da devandita Comisión no prazo máximo de 15 días a partir da aprobación da súa constitución polo Pleno do Concello de Fene.

4.- Instar ao alcalde para que no prazo máximo de 15 días convoque un pleno extraordinario para aprobar a designación, por este, do Interventor Técnico establecido no apartado 2 do contrato e se inicien de inmediato os traballos de inspección do estado de conservación de obras e instalacións e informe á Corporación Municipal das reparacións e reposicións necesarias para mantelas nas condicións previstas.

5.- Instar ao alcalde para que solicite informe da interventora municipal local que valore a sostibilidade financeira das propostas de xestión directa da auga e o saneamento, de conformidade co previsto no artigo 4 da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

6.- Aprobar o ingreso do Concello de Fene na Asociación Española de Operadores Públicos del Auga y el Saneamiento (AEOPAS). Co obxecto de contar con asesoramento especializado para definir o modelo de xestión do Concello de Fene e no seu caso a migración da xestión do actual operador.

7.- Solicitar efectivamente o ingreso na Asociación Española de Operadores Públicos del Agua y el Saneamiento (AEOPAS) nun prazo máximo de 15 días a partir da súa aprobación no Pleno do Concello de Fene.

Fene a 25 de outubro de 2017.  
Voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene  
Antón Lois Noceda Carballo”

O voceiro do PSOE presenta a moción.

O voceiro do PP le o parágrafo sexto do apartado de antecedentes da moción presentada, e o acordo da prórroga asinada en 2002 entre o Concello e Aquagest, en concreto o apartado de obrigas da empresa concesionaria. Considera que a empresa se beneficiou da prórroga a cambio dunha obra de 25 millóns de pesetas na Estrada do Peirao de Maniños. Sinala que a empresa nunca se portou ben con este Concello, e lembra que hai dúas demandas en curso por oito anos de actualización do cánon, di que é reacia e pouco colaboradora co Concello, cun plan de choque que nunca fixo, e poñendo problemas cando houbo que baleirar a depuradora de Barallobre, que houbo que levalos ao Xulgado e se impuxeron penalidades que, di, o actual goberno non lle quixo poñer. Lembra o corte de auga por problemas nas Forcadas no ano 2015, e asegura que instaron ao goberno a reclamar a Víaqua os días que non houbo subministro, pero que este non o fixo e non se devolveu nada aos veciños. Asegura que non saben cal é a situación actual da concesión, e que hai un informe que se encargara para facer fronte á primeira demanda que presentou Víaqua no que se sinalan todas as irregularidades e incumprimentos do contrato. Anuncia o seu voto a favor da moción aínda que asegura que xa non chega a tempo.

O voceiro de Somos Fene di que están de acordo coa moción e que, despois de escoitar e ter coñecemento das eivas do contrato e da relevancia que ten o servizo da auga para este Concello, e as eivas de xestión, fai constar a coincidencia de que se trate esta moción cando están presentes no Pleno os veciños dunha parroquia que nin sequera ten servizo de auga.

A concelleira de EU pide a aclaración de varias cuestións. Por un lado, se se modificou o número de membros propostos para a Comisión a crear, tal e como se falou na Comisión Informativa sobre esta cuestión. Por outro, se o grupo que presenta a moción ten algunha proposta para presidencia da dita Comisión.

O Sr. Noceda resposta que mantén a proposta de 10 membros para a Comisión Especial e que terá unha proposta para a Presidencia no seu momento.

A concelleira de EU di que está de acordo coa remunicipalización da auga aínda que entende que a moción é partidista e por iso se vai abster.

O Presidente indica que o grupo do BNG non está de acordo coa exposición de motivos da moción dado que lles parecen parciais e partidistas, aínda que non o critican porque a moción a presenta un partido. Afirma que por parte do goberno si que se fixeron xestións. Fai constar que esta é a primeira iniciativa operativa da oposición nun ano, o cal lles alegra a pesar de non estar de acordo coa exposición de motivos. Di que están de acordo con que se trata dun dos contratos e dos servizos máis importantes que ten o Concello, e que apoian a opción de facer unha xestión pública do mesmo, pero que tanto se se acorda esa solución ou outra, considera que sería importante que se tomara o acordo por consenso de todos os grupos. Lembra que na Comisión Informativa dixeran que votarían a favor se se cambiaba o número de membros da Comisión Especial proposta e se deixaba en 8 para que fose igual ao do resto de Comisións por recomendación dos informes correspondentes, e que se recollese o compromiso de constituír tamén a Comisión xestora que se reflicte no contrato do servizo de auga, na que habería políticos pero tamén representantes dos veciños. Propón a variación deses dous aspectos para votar a favor e, de non ser así, anuncia que se absterán porque están interesados en que saia adiante e se poñan a funcionar.

O Sr. Noceda pide xenerosidade ao goberno no tema da composición da Comisión porque todos o foron no seu momento cun partido político que se quedaba fóra das Comisións de 8 membros se non fora pola xenerosidade de todos os demais, e porque consideran que están mal representados. Lembra que estando dentro do goberno, o grupo do BNG comprometeuse a mirar este tema. Pregunta que, se entón estaban de acordo, por que agora non están dispostos a facer un xesto de xenerosidade. E sobre o tema da Comisión xestora, explica que a comisión política se pode crear de inmediato e a outra non, e ademais o contrato só lle dá funcións de seguimento do mesmo, e ningunha das que eles queren darlle á comisión especial que

propoñen. Ademais, indica que a presenza do movemento asociativo se pode canalizar tamén a través desta comisión. Lembra que a competencia para constituír a Comisión xestora a ten o alcalde, e que se o que quere é que se inclúa algo ao respecto na moción, podería incluírse aclarando que a constitución da Comisión xestora non pode supor impedimentos ao traballo da Comisión informativa especial.

O Presidente resposta, en canto á xenerosidade e ás conversas e compromisos en privado, que tamén tiñan o compromiso de aprobar aqueles orzamentos de 2016 dous días antes de que votaran en contra no Pleno. Lembra que o voceiro do PSOE solicitou un informe xurídico da Deputación respecto a este tema, que xa está solicitado pero que aínda non chegou, e que por iso pide, para evitar problemas e tendo en conta os informes que xa existen, deixar a comisión de 8 membros. En canto á comisión do contrato, di que non é necesario que figure na moción, que chega co compromiso dos grupos de que se vai apoiar esa comisión e que se vai participar nela.

O voceiro do PP intervén e sinala que as facultades para crear a Comisión xestora que está prevista no contrato son do alcalde.

O voceiro do PSOE di que o informe que solicitaron á asesoría xurídica da Deputación non ten que ver con este tema, que o pediron con respecto á proporcionalidade e non ao número de membros, que o Pleno pode aprobar o número que queira. Lembra que o propio goberno propuxo cambiar o número de membros das comisións a 9 para incluír aos dous membros de Somos Fene cando se consideraban non adscritos, e que a proporcionalidade nese caso non lles parecía correcta e por iso solicitaron o informe. Sobre o compromiso de crear a comisión xestora, reitera que a competencia é do alcalde, e que se actúa sen facer partidismo e con consenso no tema de como escoller ás persoas representantes da veciñanza, non terán problema. Roga de novo xenerosidade ao goberno para que acepte a composición de 10 membros só nesta Comisión proposta.

O Presidente remítese á súa postura expresada anteriormente e di que están dispostos a traballar moito nesa Comisión. Anuncia a abstención do grupo do BNG.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1.- Constitución dunha Comisión Especial o estudio da xestión da auga e o saneamento no Concello de Fene. Cunha composición de 10 membros. Que terá entre outras as seguintes funcións:**

**a.- Estudo do grao de cumprimento do contrato por parte do actual xestor da auga e o saneamento do Concello de Fene.**

**En especial a elaboración do mapa da rede, a elaboración dos partes trimestrais do estado da rede, a verificación periódica de billas, bocas de rego e incendios, válvulas, etc., os investimentos comprometidos no contrato de 19 de novembro de 1993 e a "Actuación na Rede Xeral de Auga e Saneamento na Estrada do Peirao de Maniños" e as actuacións do "Plan de Choque sobre o abastecemento e saneamento do Concello de Fene" comprometido na prórroga do contrato realizada con data 7 de marzo de 2002.**

**b.- Estudo da viabilidade da xestión directa do servizo da auga e saneamento no Concello de Fene, e no seu caso, do modelo de xestión máis conveniente aos intereses dos veciños e veciñas do Concello de Fene.**

**c.- Seguimento do proceso de transición do actual operador ao novo modelo de xestión da auga e o saneamento.**

**2.- Instar ao alcalde para que someta ao pleno a proposta do Presidente da devandita Comisión.**

**3.- Instar ao alcalde a convocar a primeira xuntanza da devandita Comisión no prazo máximo de 15 días a partir da aprobación da súa constitución polo Pleno do Concello de Fene.**

**4.- Instar ao alcalde para que no prazo máximo de 15 días convoque un pleno extraordinario para aprobar a designación, por este, do Interventor Técnico establecido no apartado 2 do contrato e se inicien de inmediato os traballos de inspección do estado de conservación de obras e instalacións e informe á Corporación Municipal das reparacións e reposicións necesarias para mantelas nas condicións previstas.**

**5.- Instar ao alcalde para que solicite informe da interventora municipal local que valore a sostibilidade financeira das propostas de xestión directa da auga e o saneamento, de conformidade co previsto no artigo 4 da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.**

**6.- Aprobar o ingreso do Concello de Fene na Asociación Española de Operadores Públicos del Agua y el Saneamiento (AEOPAS). Co obxecto de contar con asesoramento especializado para definir o modelo de xestión do Concello de Fene e no seu caso a migración da xestión do actual operador.**

**7.- Solicitar efectivamente o ingreso na Asociación Española de Operadores Públicos del Agua y el Saneamiento (AEOPAS) nun prazo máximo de 15 días a partir da súa aprobación no Pleno do Concello de Fene.**

## **11. Mocións urxentes**

### **11.1 Moción conxunta dos grupos municipais relativa aos problemas de subministro de auga potables dos veciños de San Xurxo de Magalofes**

O alcalde presenta a seguinte moción urxente, que é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia por unanimidade dos concelleiros:

“PROPOSTA DE INCLUSIÓN, PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA, DA MOCIÓN CONSULTA DOS CINCO GRUPOS MUNICIPAIS RELATIVA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN XURXO DE MAGALOFES

Logo de ver a demanda efectuada pola Asociación de veciños San Xurxo de Magalofes ante a falta de auga en diferentes sitios da parroquia, sométese ao Pleno a aprobación da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO CONXUNTA DOS CINCO GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PRIMEIRO.- Buscar as medidas necesarias para o subministro de auga potable urxente ás/aos veciños/as afectados/as (contando que a auga é un ben de primeira necesidade).

SEGUNDO.- Realizar os trámites necesarios par comezar cas obras do abastecemento municipal de auga para tódolos/as veciños/as da parroquia.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey”

O voceiro do PP informa de que estivo presente na Asemblea de veciños de Magalofes, na que se faloron unha serie de solucións pero parece que se opta por seguir mantendo o proxecto do ano 2008. Engade que non hai que esquecer outras expectativas que poida haber.

O voceiro do PSOE indica que teñen unha proposta que presentarán a continuación e que inclúe as propostas desta moción conxunta e que, polo tanto, por coherencia, teñen o seu apoio. Lembra que durante o goberno do PSOE se fixo un proxecto, se negociou coa Xunta, primeiro co bipartito, co que se acadou un compromiso de compra de terreos. Co cambio do PP na Xunta di que as cousas cambiaron e que xa non financiaban todo senón só unha parte, pero que aínda así seguiron traballando e definiron uns terreos para mercar. Logo viñeron outros gobernos e propuxeron outros terreos , houbo problemas cos propietarios, cambios nos acordos, nos procedementos de compra, etc. Asegura que eles apoiaran calquera proxecto para o abastecemento de auga a Magalofes sempre que cumpra con todos os requisitos técnicos e que se tramite con urxencia, para ir á Xunta de Galicia a esixir que cumbran coa súa palabra. Di que hai un ano e tres meses que se podería ter actuado, porque se trata de pórse de acordo nuns terreos e nun procedemento de adquisición.

Sobre o punto segundo de acordo solicita máis concreción e propón microextensións da rede canto antes para veciños e veciñas que hoxe teñen os pozos secos e que están próximos á rede de abastecemento, sen falar de custos, porque non está xustificado, dado que os investimentos de auga por vivenda teñen ese custo ou máis onde xa hai rede. Engade que é verdade que estender a rede onde non a hai non vai ser barato hoxe, porque senón xa estaría feito, que costa moitísimo e afecta a pouca xente. Di que nos últimos 8 anos só se estendeu a rede existente nun pequeno tramo en Limodre, co que se lles debera caer a cara de vergoña aos 17, e que foi un proxecto do PSOE executado polo PP, e que a media de investimento en extensión da rede nos últimos 8 anos é de 10.000 euros anuais, cando se trata dun servizo básico que temos a obriga de prestar a todos os veciños e veciñas. Propón incluso acometidas provisionais ou liñas de financiamento para axudas económicas nos lugares onde non se pode chegar e só se poden facer novos pozos ou afondar os que existen. Todo menos que a xente estea sen auga e que o Concello se limite case a mirar para o aire ou a acelerar os trámites das acometidas de auga solicitadas por Viaqua. Asegura que existe un problema serio que o PSOE leva advertindo desde o mes de agosto e que non tiveran feito practicamente nada. Di que se alegra de que asuman esta moción pero indica que pola parte do goberno significa tamén empezar a cumprir, e non limitarse a levar uns camións cisterna que nin sequera solucionan o problema a todo o mundo. Engade que menos mal que chove e que a previsión para as próximas semanas e para os inicios de 2018 é que vai seguir chovendo.

O voceiro de Somos Fene di que apoian integramente a proposta. Engade que na moción aprobada no punto anterior poderíase incluír a proposta de cubrir as necesidades básicas que hai no Concello en canto a traídas de auga e saneamento. Sinala que as secas están deixando de ser un problema ocasional e van pasar a ser un problema estrutural. Propón que os aforros que se poidan xerar tras acadar unha boa xestión do servizo da auga se invistan totalmente en dotar de traída de auga e saneamento a todos os veciños de Fene. Propón tamén aproveitar o momento para que toda a corporación adquira un compromiso cos veciños para a toma de medidas a curto, medio e longo prazo.

A voceira de EU propón ter unha reunión cos veciños de Sillobre e Magalofes para escoitalos de primeira man en coñecer a súa proposta, e que cre que é a primeira vez que se presenta unha petición por escrito desde que está ela. Di que ao seu grupo dalle igual que terreos sexan con tal de que cumpran os requisitos.

O Presidente di que se están a mesturar cousas e que lle gustaría que se centraran no contido desta moción. Por un lado, que se leve a traída de auga a Magalofes, o que considera unha reivindicación xa histórica da que agora hai que ver o como facelo. Por outro, que se tomen as medidas urxentes necesarias para facer chegar a auga ás vivendas que non a teñen, que é algo que xa se está mirando.

O voceiro do PP sinala que aos veciños que están sen auga hailles que dar servizo, sexa con medios do Concello ou contratados, e que se hai que utilizar os pozos como depósitos que se utilicen, que non se poderá beber pero polo menos dá servizo á casa. En canto á compra dos terreos indica que había un señor neste Concello que tiña a obriga de agrupar unhas fincas, poñelas en título público e inscribilas no Rexistro da Propiedade, e que ese señor non o fixo, e a data de hoxe non sei se está feita. Se contactara con outra persoa que tiña un monte un pouco máis arriba, en título público e inscrita no Rexistro da Propiedade, e o enxeñeiro foi alí e dixo que valía perfectamente, co que ese señor ofertou o monte. Di que non sabe o que pasou despois porque el deixou de ser alcalde, e lle dixeron que xa non era dese señor, que había alguén polo medio, e que non sabe máis. Por outra banda, di que unha cousa é a infraestrutura e outra a procedencia da auga, e sen esquecer o proxecto existente, a auga pode vir de moitos sitios. Sinala que o Bellelle se está desperdiciando, que xa sabe que é da Marina, pero que Neda conseguiu unha concesión. Ademais, sinala que se falaba que os de Magalofes son pouca xente e a sensibilidade non é a mesma, e que por iso el propuxo na Asemblea de veciños traer a auga do encoro de San Martiño de Goente por canles da Xunta de Galicia a través da estrada da súa titularidade, co cal se evitan permisos, facer as ramificacións por Estradas da Deputación, co cal tamén se evitan permisos, e directamente aos depósitos de Magalofes. Con estas canalizacións di que se podería dar servizo a parte do Concello de A Capela, parte do Concello de Cabanas, San Marcos, Sillobre, Magalofes e moitos sitios máis, implicando a máis administracións. Pero que sexa dun ou outro hai que poñerse as pilas, e sinala que non sabe como está o tema da adquisición do terreo e que non cre que vaia estar feito antes de fin de ano como se dixo.

C.I.  
E:  
P-  
150  
360  
0-G

O voceiro do PSOE di que no primeiro punto da moción están a favor con todas as consecuencias, microextensións, acometidas provisionais, ou levar cisternas a onde sexa posible e utilizar os pozos de depósito onde se poida. Todo o que se poida facer pero empezar a miralo xa, e engade que se empezaran no mes de agosto cando o PSOE dixo que viña a seca e o alcalde riuse, hoxe estaríamos falando de medidas concretas e seguro que algunha tería realizado. No tema dos terreos, reitera que eles tiñan unha proposta e que lles vale esa e as demais, di que é verdade que entrou por rexistro unha proposta de ofrecemento de terreos, e que tamén outros veciños sinalaron outros terreos que poderían valer e que tería que ir o técnico, e que se goberno trae agora outra distinta lles valen todas mentres cumpran tecnicamente coas condicións, e o que queren é que se faga xa. En canto ao procedemento para adquirir os terreos di que o que estea permitido pola lexislación vixente, e propón que se se pode xustificar a adquisición directa que se faga porque será máis rápido, e que se se ten que ser procedemento público que se abra canto antes. Asegura que se eles seguiran gobernando, a estas alturas habería terreos, porque se non, non faría falta que o alcalde prescindira deles xa que preferirían marchar.

O voceiro de Somos Fene reitera que se deben tomar medidas a curto, medio e longo prazo e que hai que decidir tamén un formato de traballo entre toda a corporación e os veciños. Engade que hai que poñerse a traballar, e que eles propoñen o formato de colaboración entre a corporación e os veciños.

O presidente toma a palabra e sinala que é curioso que se teña que solucionar en 15 meses o que non se solucionou en 9 anos, pero asegura que o van intentar e que o goberno está traballando e ten moito avanzado sobre este tema. Informa de que existen como mínimo catro alternativas para Magalofes. Está por un lado o proxecto actual coa dificultade que poida ter, por outro os técnicos falaban de coller a auga na Fontenova, tamén se falou da posibilidade do Beelle que comentou o PP, que facilitaría tamén o abastecemento a San Marcos e unha parte de Sillobre, e tamén a posibilidade de traela de As Pontes coa Capela, Cabanas, etc., no que entrarían moitas administracións e sería un traballo complicado. Engade que, de todas estas alternativas, ningunha é para mañá, e non valen para solucionar o problema da seca que hai hoxe. Indica que en todos os casos se precisan uns depósitos para recoller a auga, veña de onde veña, e os pasos que se están a dar van encamiñados á adquisición dos terreos; asegura que hai dispoñibilidade orzamentaria e que hai un mínimo de tres opcións de terreos e que se están a estudar todas. Di que tamén se está estudando cos técnicos a fórmula de adquisición. Asegura que non poden, non deben ou non o van facer, ir a comprar un monte a un amigo.

O voceiro do PSOE interrompe e di que o está ofendendo. O Presidente pídelles que non se ofenda que non se está referir a el.

Continúa o presidente explicando que hai que facer unha exposición pública por un prazo determinado que se está mirando, e con cuestións concretas, como pode ser unha cota determinada, accesibilidade pública, superficie mínima das parcelas.

O voceiro do PP di que iso xa o saben todos.

O alcalde asegura que non se fixo nunca, que nunca estivo publicado. Di que agora o están facendo e dille á oposición que lle vendan o que queiran aos veciños.

O voceiro do PP intervén e di que non veñen a vender nada, e dille ao alcalde que non ofenda.

O presidente preguntalle se el fixo esa oferta pública mentres estivo gobernando.

O voceiro do PP resposta que non.

O presidente reitera que iso é o que queren facer agora, atendendo á legalidade, transparente. Di que se está a falar cos técnicos e xa saben que se poderá facer por un procedemento de urxencia, e que agardan facelo canto antes, e que se todos están de acordo se poderá facer moi pronto. Sinala que ese é o compromiso que debe adquirir hoxe toda a corporación e que o seu grupo o adquiere.

En canto aos problemas urxentes derivados da seca, o presidente sinala que por rexistro ou a través do buzón do Concello entraron poucas reclamacións por parte dos veciños e veciñas de Magalofes. Indica que o que se está a facer é poñerse en contacto con eles para encher depósitos con cisternas. Solicita publicamente que, ben de xeito individual ou ben a través da Asociación de Veciños, se traian

todas as demandas do Concello para poder visitar os domicilios concretos que teñen problemas por parte da empresa que ten as cisternas para determinar as necesidades. Por outro lado, informa de que se están pedindo orzamentos para facer pequenas extensións da rede para lugares onde hai varios veciños e estes se poñen de acordo para presentar a solicitude no Concello.

Reitera que cre que todos os grupos da corporación están de acordo en que queren sacar adiante este problema e facelo canto antes.

O voceiro do PSOE intervén e di que xa está ben que sexan os veciños os que teñan que vir a dicirle ao goberno que ten que amañar problemas que están saíndo todos os días na televisión. Asegura que cre todo o que di o alcalde, pero que se estas alturas ten catro proxectos para traer a auga é que aínda non hai ningún. Di que el ten un e que lle valen os outros tres, e que dá fe de que está estudando desde o ano 2015 como mercar os terreos, e que se ten aínda catro propostas de terreos, tampouco ten ningunha. En canto ao procedemento, di que agardaba do goberno que lle dixeran que xa ten o proxecto listo para sacar a licitación e se vai publicar nuns días. E sobre as pequenas extensións da rede que acaba de anunciar, di que se alegra, porque sinala que o pasado luns o alcalde dixo en Xunta de Voceiros que eran moi caras, e que el lle indicou que tiña un custo menor que outras acometidas ou renovacións como a da Avenida das Pías. Pregúntalle se sabe a cantos veciños vai dar servizo a tubaxe da Avenida das Pías. Engade que é certo que non se lle pode prometer a auga aos veciños para dentro de dous meses, pero si que se están dando todos os pasos e coa celeridade que se pode para solucionar os problemas, e pídelle ao alcalde que non eluda as súas responsabilidades argumentando que é novo porque xa pasaron dous anos e medio de lexislatura.

O presidente resposta que a tubaxe da Avenida das Pías dá servizo a 4000 veciños. E que a única petición dos veciños que se presentou por Rexistro entrou despois da reunión que tivo co voceiro do PSOE, e que xa se está a atender.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Buscar as medidas necesarias para o subministro de auga potable urxente ás/aos veciños/as afectados/as (contando que a auga é un ben de primeira necesidade).**

**SEGUNDO.- Realizar os trámites necesarios par comezar cas obras do abastecemento municipal de auga para tódolos/as veciños/as da parroquia.**

### **11.2 Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas urxentes para paliar a seca**

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que xustifica a urxencia da moción dicindo que vén dado, primeiro, polo informe do alcalde na Comisión do pasado mércores no que se informou das actuacións municipais fronte á seca que resultaron insuficientes e, segundo, a urxencia tamén se xustifica na medida que a seca segue producindo os seus efectos e canto máis tarde se actúe máis tempo terán os veciños e veciñas de Fene o problema na súa casa.

**Sometida a urxencia a votación foi aprobada por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal Popular, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).**

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día, o voceiro do grupo municipal Socialista dá lectura á seguinte moción:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA PALIAR A SECA

Dacordo co previsto no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción urxente.



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

### Fundamentos xurídicos

Vista a Lei 5/1997 de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia. En especial o artigo 80 apartado 1 e 2 l e 81 a.

Visto o Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF). En especial o artigo 14.

Visto o Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008. En especial o seu artigo 40.

### Antecedentes

O estado español ven recollendo nos últimos cinco anos rexistros de precipitacións por debaixo dos parámetros desexables, completándose nesta anualidade o quinto ano consecutivo de seca. No ano 17 o nivel de precipitacións está a reducirse ós niveis máis baixos dende que existen rexistros.

Nin Galicia, nin o Concello de Fene son excepcións. A maioría das concas hidrográficas de Galicia mostran parámetros preocupantes cando non alarmantes (Ex.: no caso da cidade de Vigo, só ten garantizada auga para os vindeiros 23 días). En Fene a situación tamén é preocupante. Aínda que o noso principal punto de abastecemento (O encoro das Forcadas compartido con Ferrol, Valdoviño, Narón Mugardos e Ares) non presenta, de momento, niveis de auga embalsada alarmantes, non é menos certo, que cando estamos encarando o final do outono, todavía non presenta ningún síntoma de recuperación.

Noutro orde, as queixas de vecinos/as por merma de aportes de auga nas acometidas privadas e/ou seca de pozos van incrementándose dende o mes de agosto especialmente nas parroquias de Magalofes, Sillobre, Fene e Limodre.

O Grupo Municipal Socialista de Fene veu denunciando, dende o mes de agosto, nos plenos e comisións as consecuencias da seca sen que o Goberno do BNG prestara a mínima atención.

Na Comisión de Organización, Seguridade, Persoal e Serviaos realiza o pasado mércores, día 29 de novembro, tras as preguntas do representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene. O Alcalde informaba que as actuacións do Concello de Fene nestes meses limitaríanse a:

- 1) Unha campaña de sensibilización nos centros de ensino e sociedades
- 2) A revisión das fontes públicas e colocación de billas nalgunhas delas
- 3) Priorizar a realización das acometidas solicitadas.

Os socialistas de Fene consideramos que estas medidas do Goberno do BNG, aínda que necesarias, son claramente insuficientes ante as repercusións da seca na veciñanza do Concello de Fene.

Entendemos que é absolutamente reprobable e irresponsable a actitude pasiva, a despreocupación, o descoñecemento e a inacción, do Alcalde, Sr. Juventino Trigo Rey, e a Concelleira responsable de servizos, Sra. Sandra Permuy Meizoso.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no concello de FENE somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas:

1.- Instar ó Alcalde de Fene para que se estuden as solicitudes de microextensións da rede de abastecemento de auga e se atendan de urxencia aquelas que posibiliten o acceso á auga de vivendas afectadas pola seca, mesmo que se instalen acometidas provisionais nos caos que se precise.

2.- Instar ó Alcalde de Fene para que se orzamenten e planifiquen as actuacións pertinentes na Rede de Auga Municipal que garantan a presión axeitada a todos/as veciños/as.

3.- Instar ó Alcalde de Fene para que se revisen semanalmente as solicitudes de alta no abastecemento de auga. Garantindo a efectividade do enganches solicitados no prazo de tempo máis breve posible, que en ningún caso exceda de sete días.

4.- Instar ó Alcalde de Fene para que de inmediato se tomen as medidas oportunas para a adquisición dos terreos que posibiliten a instalación dos depósitos de auga na parroquia de Magalofes e se inste á Xunta de Galicia a asumir o seu compromiso de acometer as obras necesarias para iniciar o abastecemento de auga nesta parroquia.

5.- Instar ó Alcalde de Fene para que se actúe de urxencia no conxunto da rede de abastecemento de auga para reducir as perdas, instando á empresa adxudicataria ó cumprimento dos compromisos contractuais.

6.- Instar ó Alcalde de Fene para que se proceda de xeito urxente ás actuacións pertinentes na totalidade dos acuiferos municipais para contribuir á conservación dos recursos hídricos.

7.- Instar ó Alcalde de Fene para que se proceda de inmediato á revisión de todas as instalacións e edificios municipais e se proceda a elaborar protocolos de eficiencia do uso dos recursos hídricos realizando os investimentos necesarios e adoptando os protocolos necesarios.

8.- Instar ó Alcalde de Fene a implementar unha campaña informativa dirixida ó conxunto da cidadanía que incida na sensibilización sobre a problemática da xestión dos recursos hídricos e as accións particulares que poden contribuir ó mantemento dos recursos hídricos. Esta campaña realizarase anualmente e complementará á que se realiza nos centros de ensino e sociedades do termo municipal.

9.- Instar ó Alcalde de Fene para que se retomem os traballos iniciados no ano 2009 polo goberno socialista para o estudo e planificación da extensión das redes de abastecemento de auga e sumidorios co obxectivo de realizar un Plan Plurianual de Ampliación da Rede de Abastecemento de Auga no que se busque a complicitade da administración autonómica e garanta inversións significativas en cada anualidade especialmente para a extensión da Rede.

Neste intre resulta pertinente lembrar que a irmá pobre dos investimentos municipais dos últimos 8 anos é a extensión da Rede de Abastecemento de Auga, que acaba medias anuais de investimentos irrisorias.

10.- Reprobar á Concelleira responsable da Área de Servizos Sra. Sandra Permuy Meizoso, pola súa inoperancia, incompetencia manifesta e falla de iniciativa para abordar as consecuencias da seca no Concello de Fene.

Fene a 5 de decembro de 2017.  
Voceiro do Grupo Municipal Socialista  
Antón Lois Noceda Carballo"

O voceiro do PP indica que apoian a moción e que a relacionan cos problemas da concesión do servizo de auga e abastecemento que non está a cumprir, aínda que tamén están de acordo co relato que se fai da inoperatividade do alcalde e da concelleira, e engade que habería que poñerlle as pilas á empresa, ao igual que se fixo, di, cando foi o da Depuradora de Barallobre, e que se se lle puxeran sancións polos incumprimentos outra cousa sería.

O voceiro de Somos Fene di que apoian a moción e que votarán a favor.

A voceira de EU di que despois de vir de aprobar dúas mocións sobre o tema da auga parécelle que esta estaría fóra de lugar e que por iso van votar en contra.

O presidente di que cre que o PSOE acaba de cometer un erro presentando esta moción porque é oportunista e demagóxica. Afirma que a presentaron por urxencia para este pleno porque sabían que ían estar presentes os veciños e veciñas de Magalofes e quere intentar botarlle a culpa da seca ao goberno municipal. Informa de que se fixo unha campaña de sensibilización derivada da Xunta de Galicia por todas as sociedades, se revisaron as fontes públicas para evitar perdas, puxéronse billas nalgunhas delas, e que fixeron algo que se pide na moción, como é priorizar a realización de acometidas solicitadas. Sobre o punto 1º da moción, di que se están atendendo todas as demandas

que se presentaron por rexistro, pero que se presentaron esta semana. Sobre o custo das pequenas extensións das acometidas, afirma que é demagóxico dicir que se van facer a costa do Concello e para todos os veciños. Sobre o punto 2º di que se está intentando desde hai moitos anos, e que cre que non ten nada que ver coa seca. Sobre o punto 3º di que se está priorizando como xa dixo antes. Sobre 4º di que é o que acaban de falar na moción anterior. Sobre o punto 5º di que o están a facer con seca ou sen seca e que hai meses que teñen os datos facilitados pola empresa porque se lle esixiu, e que son os mellores datos en canto a rendemento desde hai moitos anos, o cal di que non é mérito só deste goberno porque se está arranxando pouco a pouco a rede en moitos lugares, como na Avenida das Pías por exemplo. Sobre o punto 6º fala de novo das medidas que están tomando na revisión das fontes e acuíferos. Sobre o punto 7º di que os recursos de edificios municipais están sempre moi controlados e que para iso hai funcionarios municipais. Sobre o punto 8º di que o poden facer e que teñen xa un bando preparado, ademais da que xa fixeron en colexios e sociedades. Sobre o punto 9º indica que van xa oito anos desde o 2009, que se está a traballar neso e que cre que todo o mundo traballou neso. Sobre o punto 10º, di que a concelleira leva dous anos e medio e que está a falar dos oito últimos anos. Engade que pode ter sentido para o voceiro do PSOE pero para o grupo de goberno non, e anuncia o voto en contra do BNG.

O voceiro do PSOE resposta ao alcalde e explica que no pleno hai 5 testemuñas do que dixo en Xunta de Voceiros sobre as microextensións, que as ían rexeitar porque eran moi caras, e que se as asume a raíz do tema de Magalofes e da opinión de outros grupos políticos, se alegran. Afirma que ten peticións sen atender desde o mes de setembro. Respecto ao tema da presión de auga dille ao alcalde que había un proxecto para recuperala na zona da Porta do Sol, e que a contestación do concelleiro de obras hai un mes foi dicir que Fomento prefería que o proxecto fose polo arredor das casas, o cal xa sabían hai anos, e que se trataba de ir a Fomento e negociar unha solución razoable e facer o proxecto. Engade que recoñecen o traballo que fixo o goberno, pero que con esta moción o instan é a que estean máis pendentes das acometidas de auga e que tarden como moito 7 días, porque asegura que algún veciño lles dixo que lle tardaran case tres semanas. Sinala que pode que non sexa só culpa do goberno senón tamén da empresa que está a desatender o servizo, pero tamén deles por non estarlles enriba. E en canto ao tema de Magalofes, indica que o representante da Asociación de Veciños de Magalofes sabe que o PSOE está a facer esta moción desde o mesmo día que a presentaron, e que non levan traballando no tema só 2 semanas, e se ía presentar viñeran ou non os veciños de Magalofes. Resposta que oportunismo será contar cousas que se supón que van facer e das que non teñen ningún dato. Sobre as perdas da rede, di alegrarse de que se reduciran e de que teñan datos, e engade que a ver cando teñen feitos, e pídelle que lle diga as intervencións concretas que fixo a empresa concesionaria. Sobre a actuacións dos acuíferos recoñece o traballo feito nas fontes e pide que se actúe en todos os acuíferos. Sobre a eficiencia en edificios municipais, sinala como exemplo as cisternas dos baños da Casa do Concello, e di que son moi antigas e non recomendadas para o aforro de auga. Sobre o punto da campaña informativa, agradece que se vaia facer. Sobre a extensión da rede, explica que o que pide a moción e chegar a un acordo para realizar un plan plurianual de ampliación, cunha cantidade mínima anual. E sobre a reprobación da concelleira di que entende que non estea de acordo pero que, despois do relato dos feitos, considera que é o que ten que facer.

O voceiro do PP intervén e di ao alcalde que non lle ten que explicar os detalles de como se fan as cousas, senón que ten que facelas. Dille que traballar no Concello no é só asinar, senón ir a outras administracións e xestionar, e que el non xestiona.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal Popular, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1.- Instar ó Alcalde de Fene para que se estuden as solicitudes de microextensións da rede de abastecemento de auga e se atendan de urxencia aquelas que posibiliten o acceso á auga de vivendas afectadas pola seca, mesmo que se instalen acometidas provisionais nos caos que se precise.**

**2.- Instar ó Alcalde de Fene para que se orzamenten e planifiquen as actuacións pertinentes na Rede de Auga Municipal que garantan a presión axeitada a todos/as veciños/as.**

**3.- Instar ó Alcalde de Fene para que se revisen semanalmente as solicitudes de alta no abastecemento de auga. Garantindo a efectividade do enganches solicitados no prazo de tempo máis breve posible, que en ningún caso exceda de sete días.**

**4.- Instar ó Alcalde de Fene para que de inmediato se tomen as medidas oportunas para a adquisición dos terreos que posibiliten a instalación dos depósitos de auga na parroquia de Magalofes e se inste á Xunta de Galicia a asumir o seu compromiso de acometer as obras necesarias para iniciar o abastecemento de auga nesta parroquia.**

**5.- Instar ó Alcalde de Fene para que se actúe de urxencia no conxunto da rede de abastecemento de auga para reducir as perdas, instando á empresa adxudicataria ó cumprimento dos compromisos contractuais.**

**6.- Instar ó Alcalde de Fene para que se proceda de xeito urxente ás actuacións pertinentes na totalidade dos acuiferos municipais para contribuír á conservación dos recursos hídricos.**

**7.- Instar ó Alcalde de Fene para que se proceda de inmediato á revisión de todas as instalacións e edificios municipais e se proceda a elaborar protocolos de eficiencia do uso dos recursos hídricos realizando os investimentos necesarios e adoptando os protocolos necesarios.**

**8.- Instar ó Alcalde de Fene a implementar unha campaña informativa dirixida ó conxunto da cidadanía que incida na sensibilización sobre a problemática da xestión dos recursos hídricos e as accións particulares que poden contribuír ó mantemento dos recursos hídricos. Esta campaña realizarase anualmente e complementará á que se realiza nos centros de ensino e sociedades do termo municipal.**

**9.- Instar ó Alcalde de Fene para que se retomen os traballos iniciados no ano 2009 polo goberno socialista para o estudo e planificación da extensión das redes de abastecemento de auga e sumidorios co obxectivo de realizar un Plan Plurianual de Ampliación da Rede de Abastecemento de Auga no que se busque a complicidade da administración autonómica e garanta inversións significativas en cada anualidade especialmente para a extensión da Rede.**

**Neste intre resulta pertinente lembrar que a irmá pobre dos investimentos municipais dos últimos 8 anos é a extensión da Rede de Abastecemento de Auga, que acaba medias anuais de investimentos irrisorias.**

**10.- Reprobar á Concelleira responsable da Área de Servizos Sra. Sandra Permuy Meizoso, pola súa inoperancia, incompetencia manifesta e falla de iniciativa para abordar as consecuencias da seca no Concello de Fene.**

## **12. Rogos e preguntas**

O voceiro do PP di que o 26 de novembro asinouse o contrato menor para a redacción de proxectos do POS+ 2018 e cre que están vindo os prazos enriba, o cal lle preocupa porque lembra que o ano pasado o aprobou o goberno en solitario dado que, asegura, non foi quen de consensualo coa oposición. Pregunta polas previsións ao respecto do POS+ 2018.

Sinala que están comezando a tramitar as subvencións de concorrencia competitiva do ano 2016, e pregunta como levan a tramitación.

Afirma que hai unha invasión de pombas no Concello vello e neste. Roga que se busque unha solución e propón que se consulte a unha empresa especializada.

Pregunta que se vai facer con EMUGA dado que hai outra sentenza relativa a outro traballador das Emisoras Municipais que supón outra indemnización máis con cargo ao Concello de Fene.

Respecto aos pasos elevados da Avenida de Tarrío, pregunta porque non se fixo tamén na parte onde está o Colexio Jorge Juan.

Roga que o Concello adiante a indemnización aos afectados pola vionda de entrada ao Polígono de Vilar do Colo.

Indica que non se cumpriu o compromiso de revisar as noticias partidistas da páxina web porque a noticia da moción de censura segue a estar na páxina tal e como se puxo no primeiro momento. Pregunta quen fixo a noticia e quen a subiu á páxina web.

Sinala que non ven que se repoña a farola que caeu na Avenida do Concello cando xa se falou noutro pleno.

Roga ao alcalde que se vaia por non ter feito moitas cousas das prometidas e por ser un alcalde ilegal desde o 26 de outubro.

O alcalde resposta que todas as cousas que acaba de dicir que non fixo puido facelas el cando foi alcalde e non as fixo. Asegura que están traballando e que lle dirá o que fixo e o que non cando pasen os catro anos. Pídelle ao voceiro do PP que dimita el porque denunciou ao alcalde por algo que non foi certo, que non foi delito e que el denunciou como delito. Cre que debería dimitir só por vergoña. Engade que cre que lle vai a pasar o mesmo que lle pasou a outro alcalde que denunciou ao anterior e afirma que non vai dimitir e que van seguir traballando.

Sobre o tema do POS+ resposta que teñen case todos os proxectos á súa disposición e que o 90% son os proxectos que temos acordados con todos desde hai un ano. E sobre as subvencións de concorrencia competitiva informa de hai un prazo para as sociedades, que se reuniron con elas e que agardan que presenten agora todas a documentación para que se poida aprobar e pagar. Informa que se as cousas saen ben se pagará un 30% dun ano, o 70% do outro e todas as nominativas antes de final de ano, co cal para o ano se poderán poñer ao día.

Sobre o asunto de EMUGA di que o que van facer é pagar, cumprindo co que manda o Xulgado do social, e despois verán cales van ser as medidas a tomar.

Sobre os pasos elevados de Tarrío informa que se fixo unha primeira intervención con tres pasos, e que aínda faltan os sinais verticais. E sobre a vionda de Vilar do Colo di que o ten que comprobar porque non se dá conta de cal é a que está estropeada.

Sobre as noticias que se suben á web afirma que as pasa o alcalde e que os funcionarios encargados diso son os que as suben. A concelleira Rocío Bértoa pregunta se as redacta el e o alcalde responde que non as redacta pero si que as supervisa, e que por suposto que se fai responsable. A concelleira lémbrale que se comprometeu a revisar a noticia da moción de censura e o alcalde afirma que o fará cando teña un momento, que non se preocupe. O concelleiro Andrés Serantes intervéen e dille ao Presidente que é o alcalde do "non se preocupe", ao que o alcalde resposta que "por sorte para moita xente".

Sobre a farola da Avenida do Concello indica que a intención é non repoñer a farola no mesmo sitio que estaba, deixar a beirarrúa libre e colocala no edificio, para o que xa se está a falar coa comunidade.

O voceiro do Partido Socialista roga que se acenda a calefacción pola tarde, e que se revise o xeito de balizar as zonas durante as podas en Marqués de Figueroa, dadas as queixas de propietarios de negocios.

Pregunta se hai algún motivo polo que o Concello está acumulando chatarra na nave do Cádavo, e se non é o Concello pregunta quen é e cal é a finalidade. Engade que é unha pregunta que ía facer na comisión pero que optou por facelo no Pleno para que todo o mundo saiba o que dixo.

Pregunta se o tractor municipal está en condicións de pasar a ITV e sen ten algunha incidencia que afecte ao seu funcionamento ordinario.

Pregunta ao concelleiro de Urbanismo en que situación se atopan as cesións de O Carril, e en concreto, cantas están xa escrituradas e en que procedemento están as que non.

Roga á concelleira de Servizos que se pase pola pista de "skate" de San Valentín para revisar a última reparación feita con cemento e que lles conte se ten pensado facer algo máis.

Pregunta ao concelleiro de Urbanismo polo estado da finca de A Vrea con Travesía do Catalán, e indica que xa saben que o técnico municipal xa fixo o informe e queren saber cando se vai facer o requirimento. Tamén polo estado das parcelas da Rúa Travesa, Buios.

Roga ao alcalde que faga o papel de alcalde nos órganos do Concello, que é moderar os debates, e engade que nalgún momento lle deu a impresión de que estaba facendo o contrario a moderar. Recomendalle persoalmente que non faga o papel de voceiro do BNG por ser difícil compatibilizalo co de moderador do debate.

Aclara que Iván Puentes non denunciou a ningún alcalde senón que levou a documentación que a Intervención e a Secretaría municipal lle esixiron que levara á Fiscalía para que logo esta decidira se actuaba ou non, e que tratou de buscarlle outra saída legal ata que a Intervención e a Secretaría lle dixeron que se non levaba el a documentación a Fiscalía tiñan que levala estes departamentos. Engade que quen decidiu instruír o caso foi a Fiscalía e que el persoalmente se alegra de que aquel alcalde saíra absolto. Lembra que aínda hai un ascensor da Casa de Cela que aínda non apareceu.

O concelleiro de Urbanismo resposta, con respecto ás cesións do Carril, que non hai ningunha escriturada e que todas, excepto unha, están na Notaría. En canto ás fincas da Vrea e Travesa di que están pendentes do informe de Secretaría. E en canto á finca de Buios dille ao voceiro do PSOE que era coñecedor cando preguntou no anterior pleno de que estaba pendente do informe técnico porque falou co técnico. Sinala que rematou o informe este mes e que está tamén pendente do informe de Secretaría.

A concelleira de Servizos, con respecto á poda, sinala que se balizaron dese xeito por temas de seguridade, que entende que algún negocio puidera protestar e que ten coñecemento diso, pero que non se puideron modificar por seguridade. Con respecto ao tractor municipal, di que non ten coñecemento de que teña ningunha incidencia. E sobre a pista de "skate" indica que esta semana houbo xente facendo unha especie de competición e que quedou un pouco máis deteriorada do que xa estaba. Informa de que xa se encargaron unhas chapas marinadas novas que se poñerán a próxima semana. E sobre a chatarra acumulada, afirma que se fará un procedemento de venda.

O voceiro do PSOE recomenda á concelleira que pase pola nave e comprobe a procedencia de toda a chatarra porque cre que algunha non é municipal. A concelleira toma nota e indica que o procedemento de venda se refire á municipal.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 22.46 h, de todo o que, como secretaria accidental, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental Carmen López Villar e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.  
E:  
P-  
150  
360  
0-G